

SOLICITUDE
DE
PLAN DE MELLORA
DE
BIBLIOTECAS ESCOLARES

Curso 2014-2015

BIBLIOTECA "ANTÓN CORTIZAS"

C.E.I.P. ISAAC PERAL

Avda Mac Mahon s/n

15403 Ferrol

LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN

FERROLEANDO



C.E.I.P. ISAAC PERAL

FERROL

ANEXO VIII

PROXECTO: FERROLEANDO

Ferroleando polos lenzos II

XUSTIFICACIÓN

No presente curso iniciamos un novo proxecto ao que chamamos FERROLEANDO, cuxo obxectivo xeral era o acercamento do noso alumnado á cultura ferrolá.

Comezamos traballando a pintura “Ferroleando polos lenzos” que tivo unha gran acollida por parte de toda a Comunidade Educativa.

Consideramos que non está finalizada a tarefa, que deberíamos dar a coñecer máis pintores actuais da comarca e seguir a ler toda a bibliografía que aportamos ao proxecto.

Por iso a nosa proposta para o vindeiro curso é “Ferroleando polos lenzos II”

1. ORGANIZACIÓN E XESTIÓN

A organización e xestión dunha biblioteca escolar require moitas horas de dedicación das que case nunca se dispoñen, pero con esforzo, interese e moito amor polo fomento da lectura imos pouco a pouco conseguindo cousas.

Levaranse a cabo as seguintes actuacións:

- Organización do horario da biblioteca: dos alumnos/as axudantes nos empréstitos, do profesorado de dinamización (que é dunha hora semanal para reunións), do tempo de uso de cada aula para o seu proveito, que será dunha hora semanal fixa e as que necesiten de libre disposición da biblioteca.
- Creación de ambientes lectores máis atraentes e acolledores: facer unha inversión en recrear de novo o ambiente da biblioteca con novos mobles, carteis de animación á lectura (que poden ser creados polo alumnado), seguir co expurgo.
- Rexistro do uso da BIB por parte das titorías, nas horas asignadas a cada aula, para animación da realización de actividades lectoras e de investigación.
- ACTO DE APERTURA DA BIB.
- PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DAS ACTIVIDADES cos recursos e materiais a utilizar.
- Adquisición e catalogación de novos fondos literarios e audiovisuais, atendendo as necesidades e demanda do Centro.
- Elaboración de paneis informativos e motivadores das actividades programadas e guías de lectura.
- Préstamos: con fomento das novidades literarias.
- Exposición dos traballos realizados.
- Desenvolver o proxecto anual de biblioteca con programas trimestrais informativos das actividades a desenvolver e realizar a memoria final de curso.

2. DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS RECURSOS DA BIBLIOTECA...

O equipo dinamizador da biblioteca intenta deseñar un proxecto interdisciplinar, integrador, que abrangue todas as áreas do currículo e que debe axudar a desenvolver todas as competencias.

- Apertura da biblioteca : presentación en soporte visual do proxecto. **Preténdese:**
- Seguir a descubrir relatos relacionados coa pintura
- Investigar e descubrir outros movementos pictóricos e intentar crear seguindo o seu estilo
- Estudar outros cadros e ser quen de explicalos.
- Afondar na temática dos cadros a través da lectura e a literatura, apoiándonos no material mercado para o proxecto.
- Coñecer pintores ferroláns. Pensamos en invitar a un ilustrador ou pintor da zona actual para que viñera ao diferentes ciclos a traballar co alumnado. Como Leandro Lamas, Eduardo Hermida, M^a José Leira...
- Investigar sobre o autor e a súa obra.
- Implicación das familias: "Imaxes da crise en Ferrol".e "A outra cara de Ferrol". Cada familia enviará en papel ou dixitalmente unha fotografía dalgún lugar ou escena de Ferrol que mostre a crise pola que pasa a cidade e unha segunda foto que mostre o maravillosos que Ferrol pode ofrecer. Elaboraríanse dous murais.
- Un rueiro artístico pensouse en poñer a cada corredor do centro e aos distribuidores nomes de rúas e prazas de pintores ferroláns. Colgarase o cartel da rúa coa imaxe do pintor ou dun cadro seu e un traballo biográfico sobre o mesmo.

Con todas estas actuacións o desenvolvemento das competencias lingüística, artística, dixital, de autonomía, aprender a aprender... axudarán a que sexan adquiridas polo noso alumnado.

3. FORMACIÓN DE USUARIOS

Seguindo as liñas de actuación doutros cursos:

- Formar ao alumnado de 6º para que sexa quen rexistre no ordenador os empréstitos e manteña en orde a biblioteca.
- Formación do alumnado de 3º de E.P. e alumnado novo para que saiban buscar un libro e gardalo no seu lugar correspondente.
- Xogos para a adquisición destas habilidades.
- Entrega do tríptico explicativo do bo uso da biblioteca e guía de usuarios ao alumnado novo e 3º de E.P. Esta guía está expostas na biblioteca en formato DIN A-3.
- Formarase ao alumnado na busca e selección da información en diferentes soportes: ordenador, mapas, enciclopedias, vídeos documentais ...
- Continuarase coa formación en centro para ensinar o uso do programa Meiga a todo o profesorado de nova incorporación.
- Fomento de consulta da nosa páxina web para o uso dos blogs con recursos de todo tipo que poden atopar na páxina e información sobre actividades desenvolvidas en outros campos.
- Formación do profesorado en cursos relacionados con bibliotecas escolares.

4. FOMENTO DA LECTURA E O PROXECTO LECTOR

Continuarase a levar a cabo todas aquelas actividades relacionadas co fomento da lectura que sabemos que son valoradas e dan moi bos resultados.

- **Maletín viaxeiro** (hai un por ciclo) que levará dous ou tres libros da temática do novo proxecto Permanecerá unha semana en cada aula, renovándose así, o seu contido mensualmente, para axilizar ao máximo a lectura.
- **Fomento da lectura en familia: mochila viaxeira**, continuarase coa ampliación de 15 días de permanencia na casa que resultou moi positivo.
- **Hora de ler** como impulsora do desenvolvemento da lectura e da mellora das competencias.
- **Apadrinamento de libros:** Os maiores len aos máis pequenos, no tempo de ler, actividade que resulta moi enriquecedora.
- **Lectura na rede:** seguir mantendo as liñas de actuación de cursos pasados, (**lecturas on-line**). Traballos de investigación a través de páxinas webquest, blogs.
- **Encontros con escritores, ilustradores e pintores da localidade.** Unha das actividades con máis aceptación, xa que o alumnado goza coas experiencias que contan os autores, as imaxes que xorden das man dos ilustradores...
- **Presentación por parte do equipo da BIB**, das novidades adquiridas para o bo desenvolvemento do proxecto e outras lecturas.

Introduciremos novidades

- **Visitas a Bibliotecas públicas ou a librerías.**
- **Fomento da lectura do álbum ilustrado:** “El árbol rojo”, “Adivina cuanto te quiero”, La historia de Erika, Anna Frank...
- **A miña vida literaria:** Animar á creación dun álbum dos contos de todas as lecturas adquiridas na biblioteca, pegando a portada e cunha pequena reseña de se lle gustou.
- **Actividades lúdicas e creativas:** xogos de rimas, adiviñanzas; facer marcapáxinas, pequenos textos para crear “o vermeño lector”...
- **Mércores poéticos:** pensamos en fixar un día á semana para ler todos o mesmo poema que aparecerá na porta da aula polas mañás; recitalo, dramatizalo, memorizalo...
- **Libros ao patio:** sacalos en cestos ao patio para que sexan lidos; rifar os que vaimos expurgando.
- **Vídeo-lectura:** “Do pracer de escoitar ao pracer de ler” proxectar contos para crear a ilusión por lelos despois.

Relacionado co proxecto en si, acadar os seguintes obxectivos:

- Obxectivo xeral: mergullarnos na lectura a través da pintura. Unir a linguaxe e a arte.
- Utilizar os personaxes fantásticos para descubrir a cor, os trazos, as sensacións e emocións da creación plástica.
- Facilitar o coñecemento da produción literaria para nenos/as relacionada coa pintura.
- Chegar á lectura de relatos de ficción nos que a pintura é un pretexto.
- Aprender a desvelar enigmas e misterios agochados nos cadros:”ver para ler”
- Creación dun novo itinerario lector: escoller catro obras literarias, por ciclo, cuxa temática teña relación coa arte e que se intercambien ao longo do curso entre os catro cursos.
- Desenvolvemento de actividades e xogos a partires das súas lecturas.
- Atopar os valores que as obras pictóricas traballadas nos reflectan.

5. OUTRAS ACTUACIÓNS

A biblioteca é o verdadeiro centro de recursos de toda a Comunidade Educativa como medio facilitador de todo o material necesario para o desenvolvemento da función docente.

Aportarase todo o material e axuda na elaboración de actividades que integren o proxecto nas súas actuacións.

Seguiranse a elaborar guías de lectura cara aos períodos de vacacións ou en datas concretas dalgunha celebración.

Ademais das actividades propias do proxecto seguiranse a programar outras propias de datas sinaladas: Día de Rosalía, Mes do Libro, das Letras, Día da Muller, Dereitos do Nenos...

Tamén se coordinará cos outros grupos dinamizadores para o desenvolvemento común de actividades ao redor do proxecto. E nas posibles propostas da ANPA.

Seguirase asistindo a cursos relacionados coa xestión e fomento lector relacionados coas bibliotecas escolares.

6. CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Seguindo as liñas de cursos anteriores intentaremos establecer e impulsar mecanismos de avaliación útiles, a partir dun traballo sistemático de recollida de accións de Biblioteca. Para ser operativos partiremos dun estudo diagnóstico tanto a nivel cuantitativo como cualitativo de:

- Uso e valoración do espazo da biblioteca (profesorado, alumnado, implicación familiar).
- Cantidade de préstamos realizados e libros máis lidos.
- Tempos para a reflexión: adecuación das actividades programadas para o fomento lector e formación para o acceso á información.

Para esteo eficiente do curriculum estaremos atentos a:

Indicadores

- Variedade de estratexias para a difusión, comunicación e sinalización.
- Diversidade dos destinatarios.
- Actualización das informacións.

Niveis de logro

- Estratexias que abranguen a difusión, a comunicación e a sinalización.
- Estratexias dirixidas ao alumnado, ao profesorado e ás familias.

7. GRUPO DA BIBLIOTECA

Para o vindeiro curso teremos un novo membro que será ademais o novo coordinador **José Luís Docampo Amoedo**. O resto do grupo de apoio (6 membros, con representante de todos os ciclos) non se conta con que sufra ningunha variación.

Con respecta ao horario se espera que o coordinador poida contar con 4 horas semanais como os anteriores cursos. O grupo de apoio terá 1 hora semanal que é a que se emprega para reunirnos; aínda que non estaría de máis poder contar a lo menos con outra para poder facer parte dos numerosas tarefas que require un bo funcionamento dunha biblioteca escolar.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Adxunto remito a solicitude para o Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares (proxecto), segundo se publica na orde de 25 de marzo de 2014 (**DOG 10-4-2014**), que foi aprobado polo Claustro e Consello Escolar na sesión celebrada o 6 de maio de 2014.

Ferrol, 7 de maio de 2014

A directora

Asdo.: M^a José Piñeiro Abeledo

DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

Edif. San Caetano, bloque 2, 2º andar

15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA